

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 30 de setembro de 2009, da Dirección Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dá publicidade á modificación de destino definitivo de persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e inspectores de educación.

Mediante Resolución do 29 de maio de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* do 3 de xuño), da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, resolveuse definitivamente o concurso de traslados entre persoal funcionario docente do corpo de profesores de ensino secundario e outros, adxudicándosele destino definitivo ao profesorado que figura nos anexos da citada resolución.

Na publicación da dita resolución indicábase a posibilidade de interpoñer recurso de alzada contra ela.

Como consecuencia da estimación dalgúns dos recursos de alzada interpostos, determinados profesores vén modificado o destino definitivo como consecuencia da súa participación no concurso de traslados convocado por Orde do 3 de decembro de 2008.

Na súa virtude, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicos os destinos definitivos obtidos por estimación de recurso de alzada do profesorado de ensino secundario que a continuación se relaciona:

Apelidos e nome	DNI/NIF	Disciplina	Centro adxudicado
Simal Iglesias, Eulalia	44806849	Xeografía e historia	IES Félix Muriel-Rianxo (A Coruña)
Rodríguez Dorrego, Ana Delia	34999032R	Debuxo	IES Aquis Querquenis-Bande (Ourense)
Rodríguez Fernández, Mª del Pilar	44077378V	Debuxo	IES Fermín Bouza Brey-Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
Alonso Álvarez, Alba	44838767Z	Música	CPI do Feal- Narón (A Coruña)
Fernández Castro, Cristina	34261679M	Debuxo	IES de Monterroso-Monterroso-Lugo

Apelidos e nome	DNI/NIF	Disciplina	Centro adxudicado
Noda Plasencia, Mónica Elena	43790482T	Orientación educativa	CPI Uxío Novoneira-Pedrafita do Cebreiro-Lugo
Fernández Míguez, Mª América	32661076H	Matemáticas	CPI Monte Caxado-As Pontes de García Rodríguez-A Coruña

Segundo.-De conformidade co establecido na base vixésimo terceira da Orde do 3 de decembro de 2008, a toma de posesión dos novos destinos adxudicados, que deberá realizarse no departamento territorial correspondente, terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2009, polo que o cesamento, nos centros anteriores, se expedirá con efectividade do 31 de agosto de 2009.

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

Resolución do 1 de outubro de 2009, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se resolve definitivamente o procedemento para seleccionar o profesorado que poderá impartir docencia durante o curso 2009-2010 nos conservatorios superiores de música da Comunidade Autónoma de Galicia.

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede agora facer pública a baremación provisional dos méritos e a relación provisional de excluídos neste procedemento. Na súa virtude, esta dirección xeral

DISPÓN:

Primeiro.-Publicar o baremo definitivo do procedemento para o acceso á docencia, por especialidades, nos conservatorios superiores de música que figuran no anexo I.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos definitiva en el anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2009.

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos